


# Outrasvozes

Revista Galega para a Solidariedade  
Nº 9, Verán do 97 300 pta

- A guerra de Arnoldo Alemán en Nicaragua
- Caso Cabezas
- 20 anos de *madres de plaza de mayo*
- Movimento contra o racismo na Franza
- Represión en Timor Leste
- Brigadas de Solidariedade



## NARCOTRÁFICO, GUERRILLA E REPRESIÓN EN COLOMBIA

**INFORME  
12 paxs.**

- Narcotráfico e repressom...de Colômbia
- Colômbia, esta democracia genocida
- O império e a súa política anti-drogas
- Suicidio colectivo
- Militarismo, narcotráfico e neoliberalismo
- O conto da "Narco-guerrilla"
- 5000 familias enfrentam ao Banco Mundial



# EZLN A CUMPRIR A PALABRA, NUNCA MAIS UN MUNDO SEN NÓS

Reproducimos unhas liñas mais abaixo un comunicado do EZLN que, aínda que emitido xa hai uns meses, conserva a actualidade a estas alturas da primavera. Este mesmo domingo pasado, 18 de maio, tiveron que ser varios miles de indíxenas tzotzís quen acompañaran ás 85 familias expulsadas de San Pedro Nixtalucum por priístas, exércitos e seguridades públicas varias. A enorme presión e represión dos poderes do goberno e o estado mexicano non cede e só as moitas forzas, a confianza na liuta e a vontade de gañar o desafío, VIVER, nas súas palabras, permite que as comunidades zapatistas manteñan en alto unha esperanza de presente e futuro.



## Comunicado do EZLN; 14 de febreiro de 1997 Á Sociedade Civil Nacional e Internacional:

“Espallo flores de guerra, eu o da cara risoña,  
como que veño de xunto a guerra.  
Son ave quetzal e veño voando,  
entre pasos difíceis veño de xunto a guerra.  
Son precioso melro de rúbio pescozo,  
veño voando: veño converter-me en flor,  
eu, en Coello ensanguentado.”

### Irmáns e irmás:

Este mes de febreiro de 1997 cumpre-se un ano da asinatura dos primeiros acordos de paz entre o EZLN e o supremo goberno, e 2 anos da traizón do goberno federal en contra do EZLN e as comunidades indíxenas zapatistas. 730 días despois da falta de honor e palabra do goberno, o Poder tenta de novo a solución militar. 365 días despois de asinados, os primeiros acordos do Diálogo de San Andrés seguen sen cumprir-se.

12 meses despois da mentira do poderoso e 24 meses despois da traizón governamental, o *Ejército Zapatista de Liberación Nacional* di a súa palabra:

Hai dous anos o goberno federal, por meio do señor Esteban Moctezuma Barragán, tendeu unha emboscada asasina en contra da dirección do EZLN. Simulando disposición ao diálogo, o mal goberno enganou ao EZLN e á opinión pública nacional e internacional. Mentres falaba dunha saída negociada ao conflito, o supremo goberno preparou primeiro, e executou despois, un golpe traidor que pretendeu descabezar a rebelión indíxena zapatista. Dúcias de miles de soldados atacaron as comunidades indíxenas entón. Así cumpriu o goberno a súa palabra de seguir pola vía do diálogo e a negociación para resolver a xusta guerra dos zapatistas. Hai un ano, o goberno federal, por meio dos señores Bernal e Del Valle, tendeu unha emboscada legal aos zapatistas e as comunidades indíxenas do país. Simulando disposición a cumprir os acordos que asinaban entón, o mal goberno quixo enganar ao EZLN e á opinión pública nacional e internacional.

Mentres asinaba os primeiros acordos de paz, o supremo goberno preparou primeiro, e executou despois, o incumprimento do acordado en San Andrés, mentres se faltaba á palabra empeñada, dúcias de miles de soldados continuaron cercando, hostigando e perseguindo ás comunidades indíxenas. Así cumpriu o goberno a súa palabra de seguir pola vía do diálogo e a negociación para resolver a xusta liuta dos zapatistas.

Hoxe, 730 días despois da traizón descarada e 365 despois da mentira simulada, o señor Ernesto Zedillo Ponce de León reitera a súa dobrez e falta de palabra.

Na boca de quen di que goberna, o Poder nega-se publicamente a cumprir cos seus compromisos.

Nas mans dos soldados mexicanos, e con asesoría militar estranxeira, busca de novo a morte dos xefes da rebelión zapatista. Polo ar e pola terra, as tropas federais buscan rematar o que ficou incompleto en febreiro de 1995: o asasinato.

Hoxe o goberno federal atropela-se a si mesmo na súa ánsia de dar marcha atrás ao acordado e incumprir co comprometido hai un ano. Cego, o mal goberno non só golpea aos indíxenas rebeldes, senón tamén a quen asesoran a paz e a quen, como a COCOPA e a CONAI, axudan e médian para evitar a guerra. A iniciativa de lei indíxena elaborada pola *Comisión de Concordia y Pacificación*, instancia do poder legislativo federal, foi atacada unha e outra vez polo executivo federal. Agora acusa-se-lles aos lexisladores de “falsos redentores” e á iniciativa de lei acusa-se-lle de pretender “a fragmentación da Nación mexicana”. O supremo goberno quer esquecer que foron os seus representantes, e non os lexisladores da COCOPA, quen asinaron os acordos sobre “Dereitos e Cultura indíxenas” e que non hai neles nada que pretenda “a fragmentación da nación mexicana”.

Negando-se a cumprir o que aceptou como acordo en materia indíxena, o goberno nega-se a recoñecer-lles aos habitantes destas terras os seus dereitos e a súa cultura. Escudando-se inutilmente en tecnicismos xurídicos, o goberno federal trata de agachar o esencial: non está disposto a cumprir a súa palabra, non recoñece as demandas auténticas dos indíxenas mexicanos e non quer resolver a guerra zapatista pola vía do diálogo e a negociación.

Tras as falsas acusacións de que se quer fragmentar o país, outorgar foros especiais aos indios e marxiná-los, están as verdadeiras razóns do incumprimento da palabra do goberno: os acordos non son para cumprir-se, senón para usá-los para gañar tempo e tentar, como antes, o golpe militar e o aniquilamento dun movemento rebelde auténtico, con demandas nacionais e o respaldo do México indíxena. Non hai ningún interese en solucionar a cuestión indíxena nacional, non hai disposición para usar o diálogo como ferramenta de goberno, non hai intención nengunha de paz. “Mentir para gañar tempo, para golpear”, esta é a estratexia do goberno de Zedillo. Non só para enfrentar-se ao EZLN, tamén para enfrentar-se á sociedade mexicana.

Para o EZLN está claro que o goberno federal quer a guerra como camiño de solución, é que a sociedade civil nacional e internacional quer a paz con xustiza e dignidade como rota e destino.

Os zapatistas estamos listos, como antes e como sempre, para a guerra ou para a paz.

Aquí esperamos.

Desde as montañas do Sudeste mexicano

Polo Comité Clandestino Revolucionario Indígena- Comandancia General del Ejército Zapatista de Liberación Nacional  
México, febreiro de 1997

P.D.: Saúdos ás mobilizacións de apoio en Europa. Aquí o señor Zedillo quer provocar outro alzamento como o que provocou Salinas co TLC norteamericano, mas agora cun TLC coa Europa neoliberal. Mas parece que a falta de democracia e as violacións dos dereitos humanos non son mercancías atractivas para os europeos. “A cumprir a palabra. Nunca mais un mundo sen nós”, din que así se chama a campaña de solidariedade en apoio a uns indíxenas que pretenden, aquí está o desafío, viver...

**N. da R.:** algunha páxina desta revista atoparás información e vías para tomar parte no II Encontro contra o Neoliberalismo, continuación do realizado en Chiapas o verán pasado.